



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALLEGAS DE CUBA PARA O MANTEMENTO DA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN CUBA E DOS PUNTOS DE INFORMACIÓN PROVINCIAIS.

La Habana, 22 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. _____, nomeado mediante Decreto 255/2012, do 20 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Federación de Sociedades Gallegas de Cuba**, representada neste acto polo presidente da entidade, D. _____, nomeado para o cargo de presidente con data 20 de xaneiro de 2011, actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 29 dos estatutos da entidade e previo acordo da Junta Directiva da Entidade segundo certificación de data 14 de marzo de 2011.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.



TERCEIRO.- Segundo establece o Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o fomento para a creación, coordinación e mantemento nas principais cidades do exterior nas que así o aconselle o número de residentes galegos, de unidades de atención e asesoramento nos centros galegos. O número de galegos que residían en Cuba a 1 de xaneiro de 2015 era de 36.414 persoas figurando entre os dez países con maior número de galegos residentes.

CUARTO.- A Federación de Sociedades Gallegas de Cuba é unha entidade que agrupa a un total de corenta e seis sociedades galegas. Dispón de importantes instalacións, constituíndo o centro galego máis importante de Cuba, tanto polo número de persoas que acolle como polos programas de todo tipo que realiza en favor dos emigrantes galegos e dos seus descendentes. A súa sede social está situada no Palacio do antigo Centro Gallego de La Habana, no Paseo de Martí, 458 – (San Rafael e San Xosé). Dentro desa liña está a desenvolver unha importante política social a favor dos emigrantes galegos e dos seus descendentes. Así mesmo, dado o incremento producido no último ano dos galegos residentes en Cuba fíxose necesario que a labor desenvolvida pola oficina de información de Cuba con sede na Habana se estendera a outros puntos da xeografía cubana permitindo así prestar un servizo de calidade e proximidade á galegidade residente en Cuba, así como o desenvolvemento de actividades que contribúan a manter e reforzar os vínculos coa galegidade cubana e a difusión do noso patrimonio cultural e artístico en toda Cuba.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de difundir e promocionar todas as accións e programas destinados á colectividade de galegos asentada en Cuba.

QUINTO.- Ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Federación de Sociedades Gallegas de Cuba, de data 6 de xuño de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento que estivo en funcionamento durante os anos 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015, polo que se estima por ambas partes a necesidade de dar continuidade aos servizos de información e asesoramento que esta entidade vén prestando a todos os integrantes da comunidade galega residente en Cuba.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Federación de Sociedades Gallega de Cuba ubicada na súa propia sede e dos puntos de información ubicados noutras provincias de Cuba.

A dita oficina ten como finalidade a realización de actividades de información, difusión e asesoramento á colectividade galega de programas e actuacións desenvolvidos a prol dos galegos residentes no exterior.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A **Federación de Sociedades Gallegas de Cuba** obrígase a:

- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de programas e accións levadas a cabo de información, difusión e asesoramento de actividades e programas de interese xeral para a colectividade galega en Cuba, en particular sobre calquera actuación ou programa levado a cabo anualmente pola Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia, así como no desenvolvemento daquelas actividades que contribúan a manter e reforzar os vínculos cos galegos en Cuba e a difusión e preservación do noso patrimonio cultural e artístico en toda a illa cubana. Igualmente porá a disposición da colectividade galega en Cuba un acceso á páxina web da Secretaría Xeral da Emigración ase como doutras páxinas de interese para estes.

- Poñer á disposición da oficina de información e asesoramento e dos puntos de información o persoal necesario con coñecementos adecuados para o seu funcionamento, así como o material necesario e suficiente para desenvolver con efectividade as tarefas de información e documentación.

- O mantemento da oficina que contará cun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións, nun local idóneo e habilitado para estes fins, que deberá contar con liñas telefónicas e acceso a internet.

- A facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Cuentas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A **Secretaría Xeral da Emigración** obrígase a:

- Achega do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio



TERCEIRA.- ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, unha contía global de **sesenta mil euros (60.000 €)**. Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria **04.30.312C.481.0**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Esta entidade destinará a achega feita pola Secretaría Xeral da Emigración, a sufragar os gastos correntes derivados do desenvolvemento das actividades descritas no apartado primeiro da cláusula anterior, nos que se inclúen os gastos tales como, de persoal, de mantemento técnico, de apoio aos puntos de información e demais gastos correntes.

CUARTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, procederase a efectuar en concepto de pagamento anticipado, unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, por unha contía de **dezaoito mil seiscientos euros (18.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Poderanse realizar pagamentos fraccionados á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique a realización das accións previstas neste convenio. Estes pagamentos e o total do anticipo, en base o disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, non superarán o 80% da subvención concedida. O importe restante, librarase no momento en que o beneficiario xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Os pagamentos efectuaranse mediante conta xustificativa con entrega de xustificante dos gastos realizados consonte o establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009. Comprenderá certificación acreditativa, na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, expedida polo representante Da Federación de Sociedades Gallegas en Cuba, ase como a documentación xustificativa e logo da conformidade do secretario xeral da Emigración.

A devandita certificación comprenderá:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante da entidade Federación de Sociedades Gallegas de Cuba na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.
- Certificación na que se fará constar que o persoal posto á disposición da oficina e dos puntos de información posúe os coñecementos adecuados para o seu funcionamento, así como a porcentaxe de dedicación deste persoal á atención da oficina e dos puntos de información e a porcentaxe de imputación ao convenio dos gastos correntes presentados para a súa xustificación.



- Relación de facturas e documentos xustificativos dos gastos realizados na que conste a data de emisión, concepto e importe.

- Documentos xustificativos dos gastos tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario, Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados, o presuposto total do funcionamento e colectivo atendido.

- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

- Declaración do conxunto das axudas concedidas para a actividade obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou de calquera outro organismo, ente ou sociedade, tanto públicos como privados.

Igualmente, en virtude do disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter previo á sinatura do presente convenio, a Federación de Sociedades Gallegas de Cuba deberá presentar declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

O prazo de xustificación do presente convenio remata o 15 de outubro de 2016.

De conformidade co establecido no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras



administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

SÉTIMA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- COMISION DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, créase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.



Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título II da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

NOVENA.- RELACION LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A entidade beneficiaria presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas. Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En virtude do establecido nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os convenios deberán ser publicados a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvenciones a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, no PORTAL DA TRANSPARENCIA E GOVERNO ABERTO. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas; polo que, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

De acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos



xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral da Emigración remitirá á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias orixinal ou fotocopia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos da súa inscrición en dito rexistro.

A Federación de Sociedades Gallegas de Cuba, obrigarase a:

- a) Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.
- c) Remitir semestralmente á Secretaría Xeral da Emigración un informe detallado das actuacións levadas a cabo ao abeiro deste convenio.
- d) Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- e) Facilitar toda a información requirida pola Secretaría Xeral da Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO PRIMERA.- REXIME XURIDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula oitava. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

galicia

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2016, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2016

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE
SOCIEDADES GALLEGAS DE CUBA